



## **DISCURSO DA PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA AO ASUMIR O TRASPASO DA PRESIDENCIA DA CONFERENCIA DE ASEMBLEAS LEXISLATIVAS REXIONAIS EUROPEAS (CALRE 2014)**

**Parlamento de Galicia, 13 de xaneiro de 2014, 11.00 horas**

Presidente da Xunta da Xunta de Galicia,  
Presidenta saínte da CALRE,  
Presidenta do Parlamento das Illes Balears e neste momento presidenta da COPREPA (Conferencia Española de Presidentes de Parlamentos),  
Alcalde de Santiago,  
Delegado do Goberno,  
Secretario xeral para as Relacións coa Unión Europea,  
Integrantes da Mesa do Parlamento de Galicia,  
Portavoces dos Grupos Parlamentarios,  
Deputados e deputadas.

Bos días e benvidos ao Parlamento de Galicia. Moitísimas grazas por assistiren.



Felicito en primeiro lugar a Mme. Dupuis e a todo o seu equipo de colaboradores polo traballo realizado durante 2013, ao longo da súa presidencia, e agardo seguir contando co seu bo facer desde a Vicepresidencia que, segundo o regulamento da CALRE, lle corresponde exercer.

Je tiens à vous remercier, Mme. Dupuis, d'être ici aujourd'hui.

Non teño máis que palabras de agradecemento por contar con todos vós neste acto de traspaso de poderes da Presidencia da CALRE. Hoxe, e en nome do Parlamento de Galicia, asumo o mandato para o ano 2014 con responsabilidade, con compromiso e, sobre todo, con moita esperanza de futuro.

Asumo a Presidencia da CALRE 2014 co propósito de seguir avanzando para acadar obxectivos ou, máis ben, liñas de traballo nas que nos sintamos cómodos sabendo que nalgunhas delas o obxectivo será o propio traballo que poidamos desenvolver.



Alén da situación puntual que pode atravesar cada un dos 74 parlamentos rexionais que integramos a CALRE e como consecuencia do momento que nos toca vivir, o parlamentarismo enfróntase a retos e dificultades aos que entre todos debemos facer fronte co propósito de seguirmos avanzando e acadarmos novos resultados.

Desde as institucións temos que camiñar ao ritmo da sociedade. Neste senso, desde os Parlamentos rexionais debemos amosar aos cidadáns que actuamos de xeito responsable. Cómpre que confíen nas institucións parlamentarias, institucións que representan a voz do pobo e que implican unha canle esencial para superar a situación de crise que vivimos en Europa na actualidade.

O programa de traballo proposto pola CALRE para este ano céntrase no reforzo do proceso democrático da UE, que pretende achegar Europa aos cidadáns. Nós precisamos salientar os mecanismos que Europa ten para garantir o sistema democrático e devolver a confianza momentaneamente perdida polos seus cidadáns.



As diferentes cámaras legislativas teñen que aproveitar as oportunidades que o parlamentarismo lles ofrece e incrementar a súa tarefa de contribuír ao bo funcionamento do proceso legislativo da Unión Europea.

O Parlamento, como auténtico centro do sistema político, sintetiza os valores da convivencia, do pluralismo e da tolerancia, e, polo tanto, un Parlamento forte reforza o conxunto do sistema democrático no que asenta.

Agora, máis ca nunca, temos que representar os cidadáns, temos que acadar novos acordos que favorezan a situación dos nosos representados, xa que o Parlamento é o marco axeitado para fraguar eses consensos entre as distintas formacións, con independencia das lexítimas diferenzas ideolóxicas que poidan significarnos.

Os parlamentos temos que incrementar a transparencia e a proximidade ao cidadán a través dun uso intelixente das ferramentas que nos proporcionan as tecnoloxías da información e a comunicación. Deste xeito, os cidadáns poderán coñecer e observar o traballo realizado e recuperar a confianza perdida nos seus representantes.



Estou segura de que estes e outros retos serán obxecto de reflexión nos traballos que levaremos a cabo durante os próximos meses, e algo xa temos avanzado, neste senso, no estudo sobre modelos institucionais e democracia rexional, que foi coordinado precisamente polo Parlamento de Galicia no seo da CALRE.

Nste ano 2014, a celebración das eleccións ao Parlamento Europeo preséntase como clave no proceso da integración democrática da Unión Europea.

Coido, por iso, que esta etapa previa aos comicios europeos é unha ocasión única para achegarse aos electores e explicar cal é o papel das institucións nos diferentes niveis de decisión e como poden participar na vida democrática; en definitiva, queremos facer máis Europa. A sociedade ten que sensibilizarse coas decisións que se toman en Europa; que o que significa para as nosas vidas se coñeza e, polo tanto, se valore moito máis.

Apostaremos e darémoslles continuidade desde esta presidencia a todos os asuntos que consideramos de grande



importancia e nos que xa se vén traballando, priorizando tres cuestións:

- ✚ **Reforzar a colaboración da CALRE coas institucións europeas** para poder aumentar a visibilidade da realidade rexional europea, mostrando as súas fortalezas para o servizo público e para a participación cidadá.
- ✚ **Reforzar os vínculos establecidos co Comité das Rexións e coas asociacións que representan ás entidades locais e rexionais**, entre as que podemos destacar a Conferencia das Rexións Europeas, con poder legislativo, así como o Congreso de Poderes Locais e Rexionais.
- ✚ **Reforzar a observancia do principio de subsidiariedade** como garantía para a execución eficiente dos proxectos iniciados pola institución europea.

Queremos, en definitiva, exercer una Presidencia aberta na que todos os integrantes da CALRE participen, porque é totalmente necesaria unha maior colaboración e intercambio de experiencias, para así podermos fomentar



un maior achegamento entre todos, buscando só o que nos une, que é, estou segura, moito máis do que imaxinamos.

Señoras y señores:

Coincidirán conmigo en que poucos lugares resultan tan adecuados como Santiago de Compostela para acoger este acto de traspaso de la Presidencia de la Conferencia de Asambleas Legislativas Regionales Europeas (CALRE).

El tesón de los miles de peregrinos que a lo largo de la historia han llegado a Compostela, edificando, de paso, el espíritu europeísta que nos ilumina, constituye un ejemplo vivo para cuantos, desde nuestros respectivos ámbitos de decisión, aspiramos a ser partícipes de la construcción de un futuro mejor, que entre todos podemos y debemos levantar sobre bases de esfuerzo compartido, derechos democráticos, respeto y concordia.

Entre todos, insisto, estoy segura de que lo conseguiremos.

Muchas gracias.